

3ª PROPOSTA DE RESOLUCIÓN POLA QUE SE CONCEDEN AS SUBVENCIONS CONVOCADAS AO ABEIRO DA ORDE DO 1 DE XUÑO DE 2023 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS A ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA PARA O FINANCIAMENTO DE ACTUACIÓN EN MATERIA DE BIORRESIDUOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL, COFINANCIADAS POLO FONDO EUROPEO RELATIVO AO MECANISMO DE RECUPERACIÓN E RESILIENCIA DA UE NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA-NEXTGENERATIONEU, E SE PROCEDE Á SÚA CONVOCATORIA EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA PARA OS ANOS 2023 E 2024 (CÓDIGO DE PROCEDIMENTO MT975P) (D.O.G. NÚM. 112, DO 14 DE XUÑO DE 2023)

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro. A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda publicou, no Diario Oficial de Galicia do día 14 de xuño de 2023, a *Orde do 1 de xuño de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de biorresiduos de competencia municipal, cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da UE no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva para os anos 2023 e 2024 (código de procedemento MT975P).*

Segundo. Esta orde ten por obxecto regular a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de axudas para a execución de actuacións en materia de residuos de competencia municipal, en concreto, encamiñadas a implementar a recollida separada dos biorresiduos, así como a compostaxe in situ por parte das entidades locais municipais, supramunicipais e agrupacións de entidades locais de Galicia que teñan asumida a competencia para prestar os ditos servizos (procedemento MT975P), ao tempo que se fai pública a súa convocatoria para os anos 2023 e 2024.

A axuda está cofinanciada nun 90% con cargo aos fondos do Mecanismo de recuperación e resiliencia da Unión Europea, establecido polo Regulamento (UE) n.º 2020/2094 do Consello, do 14 de decembro de 2020, polo que se establece o Instrumento de recuperación da Unión Europea para apoiar a recuperación tras a crise da COVID-19, e regulado segundo o Regulamento 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de recuperación e resiliencia. Resultando de aplicación o Real decreto lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración pública e para a execución do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, así como a súa normativa comunitaria, estatal e autonómica de



desenvolvemento. O dito financiamento queda legalmente vinculada á realización das actuacións subvencionadas.

Terceiro. A Orde de 1 de xuño de 2023 establece nos seus artigos segundo e terceiro:

Poderán ser beneficiarios da subvención as entidades locais de Galicia, de conformidade coas competencias que lle correspondan en materia de xestión de residuos.

1. Ao abeiro desta orde de axudas, serán subvencionables as actuacións que se citan a seguir para cada liña de axuda.

a) Liña 1. Proxectos de implantación, ampliación ou mellora da recollida separada de biorresiduos destinados a instalacións específicas de tratamento biolóxico (compostaxe e/ou dixestión anaerobia).

b) Liña 2. Proxectos de separación e reciclaxe en orixe de biorresiduos mediante a súa compostaxe doméstica ou comunitaria (compostaxe in situ).

Cuarto. Para o financiamento destas axudas os artigo 5 e 6 da Orde contemplan:

1. Que as axudas convocadas financiaranse con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para os anos 2023 e 2024 procedentes do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da UE no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - Financiado pola Unión Europea - NextGenerationEU, cun importe total de 10.182.413,07€.

a) Con cargo á aplicación orzamentaria 08.02.541D.760.1 (código de proxecto 2023 00037) correspondente aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023 procedentes do Mecanismo de recuperación e resiliencia da UE no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, cun importe de 1.018.241,31 € coa seguinte distribución:

1º. Importe para a **Liña 1:** Proxectos de implantación, ampliación ou mellora de recollida separada de biorresiduos destinados a instalacións específicas de tratamento biolóxico (Compostaxe e/ou dixestión anaerobia): 638.241,31€

2º Importe para a **Liña 2:** Proxectos de separación e reciclaxe en orixe de biorresiduos mediante a súa compostaxe doméstica ou comunitaria (*compostaxe in situ*): 380.000€.

b) Con cargo á aplicación orzamentaria 08.02.541D.760.1 (código de proxecto 2023 00037) correspondente aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024 procedentes do Mecanismo de recuperación e resiliencia da UE no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, cun importe de 9.164.171,76 € coa seguinte distribución:



1º. Importe para a **Liña 1**: Proxectos de implantación, ampliación ou mellora de recollida separada de biorresiduos destinados a instalacións específicas de tratamento biolóxico (Compostaxe e/ou dixestión anaerobia): 5.744.171,76€

2º Importe para a **Liña 2**: Proxectos de separación e reciclaxe en orixe de biorresiduos mediante a súa compostaxe doméstica ou comunitaria (compostaxe in situ): 3.420.000,00€.

2. Para o caso de que nalgunhas das liñas as solicitudes beneficiarias non resulten suficientes para esgotar os fondos dispoñibles, o crédito sobrante poderá destinarse á cobertura de solicitudes da outra liña.

3. O financiamento máximo outorgado para as actuacións reguladas nesta orde de axudas non excederá o 90 % do custo total do proxecto. A porcentaxe restante será asumida polo beneficiario/a e será compatible co financiamento que os beneficiarios poidan recibir doutras administracións, sempre e cando non supere o custo total do proxecto que se vaia financiar. O financiamento achegado non é compatible cos proxectos Clima, promovidos a través do Fondo de Carbono para unha Economía Sustentable (FES-CO2).

4. As solicitudes recibidas deben manter a proporción orzamentaria do crédito xerado; polo tanto, o importe da subvención solicitada para o ano 2023 debe ser o 10 % do total e para o ano 2024 será do 90 % restante.

Quinto. No tocante ao procedemento de concesión, segundo o artigo 12:

1. En aplicación dos principios de eficacia e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos establecidos na Lei de subvencións de Galicia, e sendo unha convocatoria en concorrencia non competitiva, as subvencións resolveranse por orde de rexistro de entrada das solicitudes presentadas, tendo en conta os requisitos que deben cumprir os beneficiarios de cada liña. Aqueles expedientes que reúnan todos os requisitos e a documentación necesaria serán concedidos ata o esgotamento do crédito, respectando a súa orde de entrada sen comparación con outras solicitudes. Non obstante, se se lles require aos solicitantes a emenda de erros ou omisións na solicitude ou documentación presentada, entenderase por rexistro de entrada da solicitude presentada a data en que o dito requirimento estea correctamente atendido.

As resolucións poderán ditarse sucesivamente, de forma individual ou conxunta, a medida que se verifique que a documentación exixida é correcta e está completa

Sexto. En canto o prazo de execución na propia orde no artigo 20:



A data límite para executar o proxecto e presentar a documentación xustificativa dos investimentos será:

- a) O 30 de decembro de 2023 para os proxectos que se imputen ao orzamento correspondente á anualidade 2023. Inclúranse neste orzamento as actuacións executadas entre o 1 de marzo de 2020 e o 30 de decembro de 2023, se é o caso.
- b) O 30 de decembro de 2024 para os proxectos que se imputen ao orzamento correspondente á anualidade 2024.

Sétimo. O artigo 17 da orde dispón, respecto das obrigas dos beneficiarios, que:

Sen prexuízo das demais obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, as entidades beneficiarias das axudas concedidas ao abeiro desta orde quedan obrigadas a:

1. Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.
2. Cumprir a normativa comunitaria, estatal e autonómica de aplicación, en particular, a normativa en materia de subvencións e contratación pública, cando proceda.
3. Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento da finalidade da subvención, a realización da actividade ou adopción do comportamento que fundamentou a súa concesión e o seu custo real.
4. Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o cal foron concedidos e realizar as actuacións que integran o proxecto subvencionado, segundo o estipulado no artigo 41 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
5. Someterse ás actuacións de comprobación e control que deba efectuar o órgano concedente a través da intervención ambiental, ou a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, a Intervención Xeral da Administración Xeral do Estado, o Tribunal de Contas, o Consello de Contas, así como ás medidas de control e auditoría recollidas no Regulamento (UE) nº 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de recuperación e resiliencia e o Regulamento (UE, Euratom) nº 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo de 2018, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión. En particular, deberán autorizar a Comisión, a OLAF, ao Tribunal de Contas Europeo, e cando proceda, a Fiscalía europea a exercer os dereitos que recoñece o artigo 129, punto 1, do referido regulamento financeiro.



6. Asumir a aplicación de medidas antifraude eficaces e proporcionadas no seu ámbito de xestión, así como a obriga de comunicar ao órgano xestor os casos de sospeitas de fraude («bandeiras vermellas»). Asegurar a adopción de medidas dirixidas a previr, detectar, comunicar e corrixir a fraude, a corrupción e previr o conflito de interese e o dobre financiamento.

7. Comunicarlle ao órgano concedente a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentaron a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

8. Manter un sistema de contabilidade separado ou un código contable adecuado en relación con todas as transaccións relacionadas cos gastos subvencionables, sen prexuízo das normas xerais da contabilidade, que permita seguir unha pista de auditoría sobre os conceptos financiados con cargo á subvención e a obriga do mantemento da documentación soporte. A achega da información realizarase nos termos que estableza o Ministerio de Facenda de conformidade coa normativa nacional e da Unión Europea. Mantendo os requisitos de pista de auditoría de conformidade co antedito artigo 22 do Regulamento (UE) nº 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo.

9. Dispor de capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir os obxectivos do proxecto para o cal se solicita a axuda. Para estes efectos, deberá acreditar por medio de declaración responsable no momento da solicitude que se dispón de crédito suficiente no orzamento da entidade local para o pagamento da parte proposta para o proxecto/actividade/actuación para o/a cal se solicita a subvención.

10. Custodiar e conservar a documentación da actividade financiada polo Mecanismo de recuperación e resiliencia de conformidade co artigo 132 do Regulamento (UE, Euratom) nº 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo de 2018, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión, durante un período de cinco anos a partir do pagamento do saldo ou, a falta do dito pagamento, da operación. Este período será de tres anos se o financiamento é dun importe inferior ou igual a 60.000 euros.

11. Cumprir os requisitos establecidos no artigo 15, número 3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polo que toda actividade, investimento ou material (incluído o que se difunda de maneira electrónica ou empregando medios audiovisuais) que se realice contando con financiamento obtido a partir destas axudas deberá cumprir os requisitos de comunicación do financiamento público do proxecto, de conformidade co establecido no anexo IV destas bases. Así mesmo, deben cumprir coas obrigas de información e publicidade que as autoridades com-



petentes establezan relativas ao financiamento do Mecanismo de recuperación e resiliencia. En particular, nas medidas de información e comunicación das actuacións que desenvolvan os investimentos (carteis informativos, placas, publicacións impresas e electrónicas, material audiovisual, páxinas web, anuncios, insercións en prensa, certificados, etc.), onde se fará mención da orixe deste financiamento e se velará por darlle visibilidade, cando proceda, mediante o emblema da Unión e unha declaración de financiamento adecuado que indique «financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU», tal como se reflicte no artigo 34 do Regulamento (UE) nº 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de recuperación e resiliencia. Todos os carteis e placas deberán colocarse nun lugar ben visible de acceso ao público.

12. Facilitar a recolla de indicadores de resultado cuantitativos e cualitativos, tras a execución do proxecto subvencionable, e nun prazo de entre seis meses e tres anos despois da finalización, e facilitar a información que permita ao órgano concedente medir a contribución da actividade subvencionada ao correspondente indicador establecido sobre o rendemento do Mecanismo de recuperación e resiliencia, consonte ao artigo 30 do Regulamento (UE) nº 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, e establecido co número 188, en relación coa medida C12.I3, no anexo da proposta de decisión de execución do Consello, relativa á aprobación da avaliación do Plan de recuperación e resiliencia de España [SWD(2021) 147 final], así como facilitar a información que lle permita ao órgano concedente medir a contribución da actividade subvencionada ao correspondente indicador.

13. Subministrar toda a información necesaria para que a Consellería poida dar cumprimento ás obrigas previstas no título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

14. Respetar o principio de «non causar un prexuízo significativo» na execución das actuacións subvencionadas no sentido do artigo 17 do Regulamento (UE) nº 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xuño de 2020, relativo ao establecemento dun marco para facilitar os investimentos sustentables e polo que se modifica o Regulamento (UE) nº 2019/2088.

15. Dispor das licenzas, permisos e/ou autorizacións administrativas exixidas pola normativa para o exercicio da súa actividade, así como, de ser o caso, para o desenvolvemento do proxecto subvencionable. A sinatura da solicitude comporta a realización da declaración relativa a esta disposición.

16. Someterse ás disposicións comunitarias sobre o Mecanismo de recuperación e resiliencia e ás actuacións da autoridade de control ou das entidades que actúen baixo a súa coordinación ou responsabilidade. En particular, no relativo a:



- Obrigación de asegurarse da regularidade do gasto subxacente e da adopción de medidas dirixidas a previr, detectar, comunicar e corrixir a fraude e a corrupción, previr o conflito de intereses e o dobre financiamento. Para tal efecto, establecerase un sistema eficaz e eficiente e recuperaranse os importes aboados baixo erro ou empregados de maneira incorrecta, no sentido do artigo 22 do Regulamento (UE) nº 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo e á Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.
- Debe terse en conta o cumprimento da normativa sobre axudas de Estado, con especial referencia aos supostos en que vaian participar varias administracións públicas, nos cales se debe ter especial coidado coas regras de acumulación de axudas e as de incompatibilidade entre axudas comunitarias, así como coas intensidades máximas, procurando que as categorías de axudas, na medida do posible, non sexan concorrentes senón complementarias e que os gastos elixibles non sexan os mesmos. Para iso débese contribuír ao correcto funcionamento da Base de datos nacional de subvencións (BDNS) en cumprimento do disposto na Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, como ferramenta de consulta no procedemento de concesión de axudas, e lémbrese a necesidade de cumprir adecuadamente coas obrigacións de subministracións de información a ela (Real decreto 130/2019, do 8 de marzo).
- Contribución á fiabilidade do sistema, en xeral, e do sistema de seguimento de indicadores do cumprimento de fitos e obxectivos e de seguimento do custo estimado, en particular.
- Requisitos de pista de auditoría de conformidade co antedito artigo 22 do Regulamento (UE) nº 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo.
- Obrigacións de comunicación sobre o financiamento das medidas incluídas nestas bases xa que se incluíron no Plan para a recuperación e resiliencia.
- Subministración de información dos datos sobre o perceptor final dos fondos, cando non sexa o mesmo, así coma dos contratistas e subcontratistas no caso de que o perceptor final sexa un poder adjudicador.
- Respetar o principio de non causar un prexuízo significativo no sentido do artigo 17 do Regulamento (UE) 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xuño de 2020, relativo ao establecemento dun marco para facilitar os investimentos sustentables e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2019/2088.



- Asumir calquera outra obriga comunitaria ou nacional que resulte de aplicación por razón do financiamento do Mecanismo de recuperación e resiliencia, así como da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

Oitavo. Segundo o disposto no artigo 23 da orde:

1. O aboamento da subvención practicaráselle directamente ao concello beneficiario na conta bancaria indicada por este, que deberá ser da súa titularidade. En caso das entidades locais supramunicipais ou agrupacións de entidades locais, o concello que asuma a representación recibirá a axuda atribuída a este fin.

No caso de agrupacións de entidades locais, o concello que actúe como representante deberá presentar, no prazo máximo dun mes desde a recepción dos importes cobrados, xustificantes bancarios dos aboamentos efectuados (transferencia bancaria, certificación bancaria ou extracto bancario do ingreso efectivo polo portelo) aos restantes concellos que constitúen a devandita agrupación.

2. Poderá anticiparse ata o 50 % do importe concedido, de acordo co establecido no artigo 31.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no artigo 63 do Decreto 11/2009 e nesta convocatoria, que se fará efectivo, por solicitude da entidade beneficiaria, unha vez realizada a notificación da subvención e logo da aceptación desta. De acordo co dito artigo 63, a concesión do anticipo realizarase mediante resolución motivada.

Para as subvencións concedidas con cargo á anualidade de 2023, as entidades beneficiarias que se acollan á modalidade de pagamento anticipado deberán manifestalo expresamente no prazo de dez (10) días hábiles a partir do seguinte ao da notificación da resolución de concesión, mediante a presentación da correspondente solicitude de pagamento anticipado, empregando o modelo que se incorpora como anexo VI.

3. De non presentar a solicitude de pagamento anticipado, enténdese que a entidade solicitante renuncia ao anticipo. Neste caso o pagamento das axudas efectuarase unha vez efectuado o investimento ou realizado o gasto ou actividade e logo da presentación por parte da entidade beneficiaria, no prazo establecido, da documentación xustificativa a que se refire o artigo anterior.

4. Conforme o artigo 65.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, para a concesión dos pagamentos anticipados non se exixirá a presentación de garantías por parte dos concellos beneficiarios.

5. Transcorrido o prazo establecido neste artigo sen ter presentado a correspondente xustificación, entenderase que a entidade renuncia á subvención, sen prexuízo do establecido nos arti-



gos 45.2 e 46 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

6. Recibida a documentación xustificativa da subvención, os órganos competentes da consellería concedente, antes de proceder ao seu pagamento final, poderán realizar as actuacións de comprobación oportunas para verificar a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinaron a concesión da subvención, de acordo co establecido no artigo 30 da Lei 9/2007, así como o cumprimento do principio de «non causar prexuízo significativo» ao ambiente na execución das actuacións subvencionadas, no sentido do artigo 17 do Regulamento (UE) 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xuño de 2020, relativo ao establecemento dun marco para facilitar os investimentos sustentables e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2019/2088.

Os órganos competentes da consellería concedente poderán solicitar ao beneficiario as aclaracións ou informes relativos á xustificación do investimento que consideren convenientes, coa advertencia de que a falta de presentación da xustificación no prazo concedido para o efecto poderá comportar a perda do dereito á subvención e a esixencia do reintegro no caso de ter recibido cantidades en concepto de anticipo, e demais responsabilidades establecidas na Lei 9/2007.

7. Cando o custo xustificado da actividade ou investimento fose inferior ao que figura na resolución de concesión, manterase a axuda, pero diminuírase proporcionalmente o seu importe.

8. O pagamento realizarase, logo de verificación do órgano concedente do cumprimento da obriga de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma.

Noveno. De acordo co artigo 34.f do decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o pagamento da subvención quedará condicionado á verificación do previsto no artigo 17.4 do mesmo decreto.

Décimo. En data 25 de agosto de 2023, resolveuse unha primeira concesión de axudas para as dúas liñas subvencionables sinaladas na Orde de axudas do 1 de xuño 2023, mencionada anteriormente, quedando dispoñible o seguinte orzamento, tal e como se sinala a continuación:



ANUALIDADE 2023			
Actuación subvencionable	Disponibilidade orzamentaria publicada 2023	Importe axuda 1ª resolución para o 2023	Orzamento dispoñible
Liña 1.	638.241,31 €	110.520,42 €	527.720,89 €
Liña 2.	380.000,00 €	62.378,74€	317.621,26 €

ANUALIDADE 2024			
Actuación subvencionable	Disponibilidade orzamentaria total 2024	Importe axuda 1ª resolución para o 2024	Orzamento dispoñible
Liña 1.	5.744.171,76 €	993.573,82€	4.750.597,94€
Liña 2.	3.420.000,00 €	560.726,57€	2.859.273,43€

Undécimo. En data 13 de outubro de 2023 resólvese unha segunda resolución de axudas pola cal se outorgan os seguintes importes, desagregados por liña e ano, quedando o seguinte orzamento dispoñible:

ANUALIDADE 2023			
Actuación subvencionable	Disponibilidade orzamentaria publicada 2023	Importe axuda 2ª resolución para o 2023	Orzamento dispoñible
Liña 1.	527.720,89 €	78.400,19 €	449.320,70 €
Liña 2.	317.621,26 €	22.614,18€	295.007,08 €

ANUALIDADE 2024			
Actuación subvencionable	Disponibilidade orzamentaria total 2024	Importe axuda 2ª resolución para o 2024	Orzamento dispoñible
Liña 1.	4.750.597,94 €	699.034,31€	4.051.563,63€
Liña 2.	2.859.273,43 €	203.572,54€	2.655.700,89 €

En consecuencia,

PROPOÑO



Á Directora Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda que, segundo o establecido na Disposición derradeira primeira da Orde do 1 de xuño de 2023, antes citada, ten delegado o exercicio da competencia para conceder ou denegar esta axudas, a resolución das axudas que se relacionan de seguido.

O proxecto que acadou a condición de **beneficiario** é o seguinte:

EXPEDIENTE	SOLICITANTE	NIF	LIÑA	AXUDA TO- TAL CONCEDI- DA	% COF.	AXUDA 2023	AXUDA 2024	DATA SUBSANACION
BIOR-079-2023-RES	CONCELLO DE LARACHA	P1504200E	LIÑA 2	9.855,00€	10,00 %	985,50 €	8.869,50€	04-10-2023
BIOR-080-2023-RES	CONCELLO DE REDONDELA	P3604500C	LIÑA 2	84.600,00€	10,00 %	8.460,00€	76.140,00€	25-10-2023
BIOR-081-2023-RES	CONCELLO DE REDONDELA	P3604500C	LIÑA 1	270.990,00€	10,00 %	27.099,00€	243.891,00€	25-10-2023
BIOR-084-2023-RES	CONCELLO DE TORDOIA	P1508500D	LIÑA 2	14.364,00€	10,00 %	1.436,40€	12.927,60€	06-10-2023
BIOR-085-2023-RES	CONCELLO DE LARACHA	P1504200E	LIÑA 1	150.000,30€	10,00 %	15.000,30€	135.000,00€	04-10-2023
BIOR-087-2023-RES	CONCELLO DE NEDA	P1505600E	LIÑA 2	5.400,00€	10,00 %	540,00€	4.860,00€	05-10-2023
BIOR-088-2023-RES	CONCELLO DE MOS	P3603300I	LIÑA 1	51.750,00€	10,00 %	5.175,00€	46.575,00€	17-10-2023
BIOR-089-2023-RES	CONCELLO DE MOS	P3603300I	LIÑA 2	67.500,00 €	10,00 %	6.750,00€	60.750,00€	17-10-2023
BIOR-092-2023-RES	CONCELLO DE ROIS	P1507500E	LIÑA 2	20.002,50€	10,00 %	2000,25€	18.002,25€	02-11-2023
BIOR-093-2023-RES	DEPUTACION PROVINCIAL DE OURENSE	P3200000B	LIÑA 2	104.989,10€	10,00 %	10.498,91€	94.490,19€	20-10-2023
BIOR-094-2023-RES	CONCELLO DE CARBALLO	P1501900C	LIÑA 2	79.335,00€	10,00 %	7.933,50€	71.401,50 €	20-10-2023
BIOR-095-2023-RES	CONCELLO DE CARBALLO	P1501900C	LIÑA 1	90.990,90€	10,00 %	9.504,09€	81.486,81€	20-10-2023
BIOR-096-023-RES	CONCELLO DE OUTEIRO DE REI	P2703900G	LIÑA 2	13.270,50€	10,00 %	1.332,00€	11.938,50€	27-10-2023
BIOR-097-2023-RES	CONCELLO DE CERDIDO	P1502500J	LIÑA 2	4.770,00€	10,00 %	477,00€	4.293,00€	16-10-2023
BIOR-098-2023-RES	CONCELLO DE VEDRA	P1509000D	LIÑA 2	22.461,39€	10,00 %	2.290,68€	20.170,71€	18-10-2023
BIOR-100-2023-RES	CONCELLO DE SAN SADURNIÑO	P1507700A	LIÑA 1	13.960,00€	10,00%	1.396,00€	12.564,00€	25-10-2023
BIOR-101-2023-RES	CONCELLO DE SAN SADURNIÑO	P1507700A	LIÑA 2	12.564,00€	10,00 %	1256,40€	11307,60€	25-10-2023
BIOR-102-2023-RES	CONCELLO DE CABANAS	P1501500A	LIÑA 2	13.482,00€	10,00%	1.348,20€	12.133,80€	25-10-2023
BIOR-103-2023-RES	CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS	P2703100D	LIÑA 1	13.410,00€	10,00 %	1.341,00€	12.069,00€	20-10-2023
BIOR-106-2023.RES	CONCELLO DE VIVEIRO	P2706700H	LIÑA 1	22.500,00€	10,00 %	2.250,00€	20.250,00€	07-11-2023
BIOR-107-2023-RES	CONCELLO DE VIVEIRO	P2706700H	LIÑA 2	38.550,60€	10,00 %	3.850,20€	34.700,40€	07-11-2023
BIOR-108-2023-RES	CONCELLO DE TEO	P1508300I	LIÑA 1	232.200,00€	10,00%	23.220,00€	208.980,00€	27-10-2023
BIOR-110-2023-RES	MANCOMUNIDADE DO SALNÉS	P3600041B	LIÑA 2	61.519,50€	10,00%	6.151,95€	55367,55€	31-10-2023
BIOR-111-2023-RES	MANCOMUNIDADE DO SALNÉS	P3600041B	LIÑA 1	4.662,00€	10,00%	486,00€	4.176,00€	31-10-2023
BIOR-112-2023-RES	CONCELLO DE MESÍA	P1504800B	LIÑA 2	11.056,50€	10,00%	1105,65€	9950,85€	02-11-2023
BIOR-113-2023-RES	CONCELLO DE PADERNE	P1506500F	LIÑA 2	10.890,00€	10,00%	1089,00€	9.801,00€	02-11-2023



EXPEDIENTE	SOLICITANTE	NIF	LIÑA	AXUDA TO- TAL CONCE- DA	% COF.	AXUDA 2023	AXUDA 2024	DATA SUBSANACION
BIOR-114-2023-RES	CONCELLO DE XERMADE	P2702100E	LIÑA 2	7.798,50€	10,00%	779,85€	7.018,65€	07-11-2023
BIOR-118-2023-RES	CONCELLO DE OUROL	P2703800I	LIÑA 2	4045,95€	10,00%	404,60€	3641,36€	31-10-2023
BIOR-119-2023-RES	CONCELLO DE BOQUEIXON	P1501200H	LIÑA 2	12.960,00€	10,00%	1.296,00€	11.664,00€	27-10-2023
BIOR-121-2023-RES	CONCELLO DE SOBRADO	P1508100C	LIÑA 1	7.650,00€	10,00%	765,00€	6.885,00€	15-11-2023
BIOR-122-2023-RES	CONCELLO DE PONTECESO	P1506900H	LIÑA 1	89.172,90€	10,00%	8.917,20€	80.255,70€	08-11-2023
BIOR-123-202-RES	CONCELLO DE SOBRADO	P1508100C	LIÑA 2	6885,00€	10,00%	688,50€	6.196,50€	15-11-2023
BIOR-124-2023-RES	CONCELLO DE RIBEIRA	P1507400H	LIÑA 2	6246,00€	10,00%	624,60€	5621,40€	07-11-2023
BIOR-125-2023-RES	CONCELLO DE VILAGARCIA DE AROUSA	P3606000B	LIÑA 1	308559,98€	10,00%	30855,98€	277.704,00€	15-11-2023
BIOR-126-2023-RES	CONCELLO DE VIGO	P3605700H	LIÑA 1	1.772.268,36€	10,00%	177.226,84€	1595041,52€	14-11-2023
BIOR-127-2023-RES	CONCELLO DE VILAGARCIA DE AROUSA	P3606000B	LIÑA 2	31.199,67€	10,00%	3119,67€	28.080,00€	15-11-2023
BIOR-128-2023-RES	CONCELLO DE VIGO	P3605700H	LIÑA 2	504.900,00€	10,00%	57.780,00€	447.120,00€	14-11-2023
BIOR-129-2023-RES	CONCELLO DE LANCARA	P2702600D	LIÑA 1	11253,78€	10,00%	1125,36€	10.128,42€	06-11-2023
BIOR-129-2023-RES	CONCELLO DE LANCARA	P2702600D	LIÑA 2	10128,60€	10,00%	1012,86€	9115,74€	06-11-2023
BIOR-130-2023-RES	CONCELLO DE PONTECESO	P1506900H	LIÑA 2	23.607,00€	10,00%	2.360,70€	21.246,30€	08-11-2023
BIOR-131-2023-RES	CONCELLO DE ARZÚA	P1500600J	LIÑA 2	13.484,88€	10,00%	1348,49€	12.136,39€	02-11-2023
BIOR-132-2023-RES	MANCOMUNIDADE VOLUNTARIA DE MUNICIPIOS DA COMARCA DE OURENSE	P3200026G	LIÑA 2	53.939,97€	10,00%	5.394,00€	48.545,97€	13-11-2023
BIOR-135-2023-RES	CONCELLO DE AGOLADA	P3602000F	LIÑA 1	11.260,00€	10,00%	1.126,00€	10.134,00€	30-10-2023
BIOR-135-2023-RES	CONCELLO DE AGOLADA	P3602000F	LIÑA 2	10.134,00€	10,00%	1.013,40€	9.120,60€	30-10-2023
BIOR-136-2023-RES	CONCELLO DE VERIN	P3208600A	LIÑA 2	61.290,00€	10,00%	6.129,00€	55.161,00€	16-11-2023
BIOR-138-2023-RES	CONCELLO DE VALGA	P3605600J	LIÑA 2	25.573,14€	10,00%	2.302,20€	23.270,94€	08-11-2023
BIOR-139-2023-RES	CONCELLO DE VERIN	P3208600A	LIÑA 1	131.125,00€	10,00%	13.112,50€	118.012,50€	16-11-2023
BIOR-140-2023-RES	CONCELLO DE POIO	P3604100B	LIÑA 1	13.499,55€	10,00%	1.305,00€	12.194,55€	07-11-2023
BIOR-141-2023-RES	CONCELLO DE CEDEIRA	P1502200G	LIÑA 1	4.500,00€	10,00%	450,00€	4.050,00€	13-11-2023
BIOR-143-2023-RES	CONCELLO DE CORCUBIÓN	P1502800D	LIÑA 1	6.319,80€	10,00%	631,98€	5.687,82€	14-11-2023
BIOR-144-2023-RES	CONCELLO DE CEDEIRA	P1502200G	LIÑA 2	3.780,00€	10,00%	378,00€	3.402,00€	30-10-2023
BIOR-145-2023-RES	CONCELLO DE RIANXO	P1507300J	LIÑA 2	13.499,10€	10,00%	1.462,50€	12.036,60€	10-11-2023
BIOR-146-2023-RES	CONCELLO DE VAL DO DUBRA	P1508900F	LIÑA 1	12.555,00€	10,00%	1.255,50€	11.299,50€	14-11-2023
BIOR-149-2023-RES	CONCELLO DE VAL DO DUBRA	P1508900F	LIÑA 2	13.149,00€	10,00%	1.314,90€	11.834,10€	14-11-2023
BIOR-151-2023-RES	CONCELLO DE O ROSAL	P3604800G	LIÑA 2	5.130,00€	10,00%	513,00€	4.617,00€	03-11-2023
BIOR-152-2023-RES	CONCELLO DE GONDOMAR	P3602100D	LIÑA 2	67.050,00€	10,00%	6705€	60345,00€	08-11-2023
BIOR-153-2023-RES	CONCELLO DE ORDES	P1506000G	LIÑA 1	23.760,00€	10,00%	2.160,00€	21.600€	13-11-2023
BIOR-154-2023-RES	CONCELLO DE ORDES	P1506000G	LIÑA 2	13032,00€	10,00%	1.303,20€	11728,80€	13-11-2023
BIOR-155-2023-RES	CONCELLO DE A ILLA DE AROUSA	P8600004I	LIÑA 2	13.446,00€	10,00%	1.344,60€	12101,40€	09-11-2023
BIOR-156-2023-RES	CONCELLO DE SOUTOMAIOR	P3605300G	LIÑA 1	31.275,00€	10,00%	3.127,50€	28.147,50€	03-11-2023



EXPEDIENTE	SOLICITANTE	NIF	LIÑA	AXUDA TOTAL CONCEDIDA	% COF.	AXUDA 2023	AXUDA 2024	DATA SUBSANACION
BIOR-156-2023-RES	CONCELLO DE SOUTOMAIOR	P3605300G	LIÑA 2	20.655,00€	10,00%	2065,50€	18.589,50€	03-11-2023
BIOR-158-2023-RES	CONCELLO DE SARRIA	P2705700I	LIÑA 1	43.050,00€	10,00%	4.305,00€	38.745,00€	03-11-2023
BIOR-159-2023-RES	CONCELLO DE SARRIA	P2705700I	LIÑA 2	26.604,00€	10,00%	2.660,40€	23.943,60€	03-11-2023
BIOR-160-2023-RES	CONCELLO DE NEGREIRA	P1505700C	LIÑA 1	31.300,00€	10,00%	3.130,00€	28.170,00€	15-11-2023
BIOR-161-2023-RES	CONCELLO DE NEGREIRA	P1505700C	LIÑA 2	30.649,50€	10,00%	3.064,95€	27.584,55€	15-11-2023

En consecuencia, habida conta do orzamento dispoñible, as contías das axudas outorgadas atenderían ao seguinte:

ANUALIDADE 2023			
Actuación subvencionable	Dispoñibilidade orzamentaria tras 2º resolución 2023	Importe axuda 3ª resolución para o 2023	Orzamento dispoñible
Liña 1.	449.320,70 €	334.965,25€	114.355,45€
Liña 2.	295.007,08 €	162.571,56 €	132.435,52€

ANUALIDADE 2024			
Actuación subvencionable	Dispoñibilidade orzamentaria despois 2º resolución 2023	Importe axuda 3ª resolución para o 2024	Orzamento dispoñible
Liña 1.	4.051.563,63€	3.013.047,32€	1.038. 516,31€
Liña 2.	2.655.700,89 €	1.391.225,85 €	1.264.475,04€

En consecuencia, habida conta do orzamento dispoñible, as contías das axudas outorgadas atenderían ao seguinte:

- Anexo I: Relación de solicitudes non beneficiarias e motivo da exclusión

Os expedientes completos relativos tanto ás solicitudes beneficiarias como non beneficiarias de acordo cos requisitos establecidos na mencionada Orde de convocatoria, están dispoñibles nas dependencias correspondentes da Subdirección Xeral de coordinación ambiental da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático para posteriores consultas ou controis pertinentes.

Santiago de Compostela, na data e hora da sinatura dixital



Subdirectora Xeral de coordinación ambiental

María del Mar Ferreiro Broz

Por delegación de sinatura (24.11.2023)

A funcionaria

Silvia López Sánchez

Vista a proposta da Subdirección Xeral de Coordinación Ambiental da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, pola que se propón a concesión de axudas conforme á Orde do 1 de xullo de 2023, **RESOLVO** conceder as axudas nos termos que se sinalan na proposta.

Santiago de Compostela, na data e hora da sinatura dixital

A Conselleira

P.D. (Orde do 1 de xullo de 2023)

A directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade
e Cambio Climático

María Sagrario Pérez Castellanos



Anexo I: Relación de solicitudes non beneficiarias e motivo da exclusión

EXPEDIENTE	SOLICITANTE	NIF	Liña	Motivo exclusión
BIOR-082-2023-RES	CONCELLO DE TUI	P3605500B	LIÑA 1/LIÑA 2	PRESENTACIÓN DE DÚAS LIÑAS NA MESMA SOLICITUDE
BIOR-083-2023-RES	CONCELLO DE MOS	P3603300I	LIÑA 1/LIÑA 2	PRESENTACIÓN DE DÚAS LIÑAS NA MESMA SOLICITUDE
BIOR-086-2023-RES	CONCELLO DE PONTECALDELAS	P3604300H	LIÑA 1/LIÑA 2	PRESENTACIÓN DE DÚAS LIÑAS NA MESMA SOLICITUDE
BIOR-090-2023-RES	CONCELLO DE PONTECALDELAS	P3604300H	LIÑA 1	NON SUBSANADO EN PRAZO
BIOR-091-2023-RES	CONCELLO DE PONTECALDELAS	P3604300H	LIÑA 2	NON SUBSANADO EN PRAZO
BIOR-099-2023-RES	CONCELLO DE SAN SADURNIÑO	P1507700A	LIÑA 1/LIÑA 2	PRESENTACIÓN DE DÚAS LIÑAS NA MESMA SOLICITUDE
BIOR-104-2023-RES	CONCELLO DE AS NEVES	P3603400G	LIÑA 2	NON SUBSANADO EN PRAZO
BIOR-105-2023-RES	CONCELLO DE VIVEIRO	P2706700H	LIÑA 1/LIÑA 2	PRESENTACIÓN DE DÚAS LIÑAS NA MESMA SOLICITUDE
BIOR-109-2023-RES	CONCELLO DE FISTERRA	P1503800C	LIÑA 1	CONCESIÓN DA AXUDA PARA A MESMA LIÑA SOLICITADA
BIOR-115-2023-RES	CONCELLO DE VILAGARCIA DE AROUSA	P3606000B	LIÑA 1/LIÑA 2	PRESENTACIÓN DE DÚAS LIÑAS NA MESMA SOLICITUDE
BIOR-116-2023-RES	CONCELLO DE SOBRADO	P1508100C	LIÑA 1/LIÑA 2	PRESENTACIÓN DE DÚAS LIÑAS NA MESMA SOLICITUDE
BIOR-117-2023-RES	CONCELLO DE PONTECESO	P1506900H	LIÑA 1/LIÑA 2	PRESENTACIÓN DE DÚAS LIÑAS NA MESMA SOLICITUDE
BIOR-120-2023-RES	CONCELLO DE VIGO	P3605700H	LIÑA 1/LIÑA 2	PRESENTACION DE DÚAS LIÑAS NA MESMA SOLICITUDE
BIOR-133-2023-RES	CONCELLO DE ORTIGUEIRA	P1506200C	LIÑA 2	NON SUBSANADO EN PRAZO
BIOR-134-2023-RES	CONCELLO DE ORTIGUEIRA	P1506200C	LIÑA 1	NON SUBSANADO EN PRAZO
BIOR-137-2023-RES	CONCELLO DE BECERREA	P2700600F	LIÑA 1	NON SUBSANADO EN PRAZO
BIOR-142-2023-RES	CONCELLO DE A ESTRADA	P3601700B	LIÑA 1	NON SUBSANADO EN PRAZO
BIOR-142-2023-RES	CONCELLO DE A ESTRADA	P3601700B	LIÑA 2	NON SUBSANADO EN PRAZO
BIOR-147-2023-RES	CONCELLO DE TUI	P3605500B	LIÑA 1	RENUNCIA
BIOR-148-2023-RES	CONCELLO DE TUI	P3605500B	LIÑA 1	RENUNCIA
BIOR-150-2023-RES	CONCELLO DE OURENSE	P3205500F	LIÑA 1	NON SUBSANADO EN PRAZO
BIOR-157-2023-RES	CONCELLO DE ALLARIZ	P3200200H	LIÑA 1	RENUNCIA
BIOR-157-2023-RES	CONCELLO DE ALLARIZ	P3200200H	LIÑA 2	RENUNCIA

